



---

**DITAME SOBRE O PLAN INTEGRAL DE MELLORA DA CONVIVENCIA ESCOLAR EN GALICIA.**

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 14 de setembro de 2006, emite o seguinte ditame en relación co Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar en Galicia.

**1.-** O Consello Escolar de Galicia insta á Administración educativa a que nos seus orzamentos contemple as partidas económicas necesarias que garantan a progresiva implantación e execución do plan.

**2.-** Así mesmo, insta á Administración educativa a que elabore a normativa que regule as actuacións dirixidas a mellorar a convivencia escolar nos centros educativos á vez que se tramita a aprobación do referido plan integral.

**3.-** No parágrafo segundo da páxina 8, onde di: “O absentismo escolar, a falla de asistencia habitual ás aulas, non é un fenómeno moi frecuente, pero para atallalo é preciso a colaboración interinstitucional e multidisciplinar no ámbito local e municipal é clave.”, propón que se diga: : “O absentismo escolar, a falla de asistencia habitual ás aulas, non é un fenómeno moi frecuente, pero para atallalo é clave a colaboración interinstitucional e multidisciplinar no ámbito local e municipal.

**4.-** No punto 4, propón unha nova redacción para o primeiro obxectivo, co seguinte texto: “Desenvolver nos centros educativos da nosa comunidade os valores e a práctica dunha cidadanía responsable, asentada nos hábitos democráticos de convivencia; así como nunha cultura cívica e nos valores de respecto e tolerancia, integrando achegas doutras culturas”.

**5.-** Na páxina 14, punto 1 do apartado de Actuación; onde di: “O seu funcionamento estruturarase en tres niveis interrelacionados entre si: nivel autonómico, provincial e de centro educativo”, proponse que diga: “O seu funcionamento estruturarase en tres niveis interrelacionados entre si: nivel autonómico, provincial e de centro educativo, tendo en conta tamén o ámbito comarcal”.



**6.-** Na páxina 19, propónse un novo punto 2 no apartado de Actuación, co seguinte texto: “Establecer protocolos de actuación entre os servizos médicos de atención primaria, servizos sociais da zona e centro educativo en todos os casos e sobre todo naqueles centros educativos nos que se escolaricen alumnos con trastornos psíquicos graves”.

**7.-** O Consello Escolar de Galicia insta á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a que cando modifique os regulamentos orgánicos dos centros educativos con motivo da aplicación da Lei Orgánica de Educación (LOE), que teña en conta a composición e funcións que terá que desenvolver o observatorio de convivencia no nivel de centro.

**8.-** No punto 1 do apartado de Actuación, da páxina 21, propónse que se suprima a expresión “e das administracións locais”.

**9.-** O Consello Escolar propón que no desenvolvemento normativo posterior se teñan en conta as relacións entre o Plan de Convivencia do Centro, o Regulamento de Réxime Interior e a Programación Xeral Anual.

**10.-** Na páxina 22, apartado de responsables, propónse unha nova redacción do punto 1 co seguinte texto: “Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Equipos directivos dos centros escolares, coa colaboración da comunidade escolar e, en especial, do claustro de profesores”.

Na mesma páxina, no apartado de procedemento, propónse incluír un punto 2 co seguinte texto: “Aprobación do Plan de Convivencia por parte do Consello Escolar”.

**11.-** No apartado 7.4.4, despois de: “Incorporar contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos e a dinámica de grupos”; propónse que se engada o seguinte texto: “Procurando que se poñan en evidencia estes contidos abordando, mediante a participación do grupo clase, sesións de valoración da convivencia”.

Nesa páxina, para o punto 2 do apartado de Actuación, propónse unha nova redacción: “Establecer dentro do horario de atención ao centro, cando menos unha hora de coordinación entre o profesorado titor e o departamento de orientación do centro en todos os niveis educativos”.

Igualmente e para o punto 2 do apartado de Procedemento, propónse unha nova redacción: “Instrucións por parte da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a Secretaría Xeral (Subdirección Xeral de Persoal), que permita a actuación establecida”.



**12.-** Na páxina 25, propónse que se suprima do apartado de procedemento o punto 2 xa que fai referencia a responsables e non un procedemento.

**13.-** Cambiar a numeración (7.4.6) do apartado da páxina 28, pola seguinte: 7.4.7 Xestión democrática da convivencia.

**14.-** Nesa mesma páxina, no apartado de Actuación, despois de: “O profesorado: o establecemento de horarios que faciliten a coordinación e o intercambio cos demais profesores e profesoras que imparten docencia ao mesmo grupo, así como a coordinación co restante profesorado”; engadir o seguinte texto a continuación: “Establecendo no Regulamento Orgánico dos Centros unha reunión obrigatoria do profesorado do mesmo grupo coordinada polo titor, coa periodicidade mínima dun mes e cunha finalidade non avaliativa”.

Para o punto 3 dese mesmo apartado, propónse unha nova redacción: “Promoción de proxectos e programas de innovación, con recoñecemento en horas de formación e compatibilización da formación dentro do horario lectivo”.

Así mesmo propónse renumerar o seguinte punto dese apartado, aparece como 3 e debe ser 4.

**15.-** Na páxina 29, apartado de responsables, propónse incluír un novo punto 3 co seguinte texto: “Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Subdirección Xeral de Persoal”, e cambiar o punto que aparece no texto orixinal como 3 para 4.

No apartado de Procedemento, propónse:

- Modificar o punto 2 dándolle unha nova redacción: “Modificación da normativa existente por parte da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Subdirección Xeral de Persoal, que permita a actuación establecida”
- Incluír un novo punto 3 co mesmo texto que o punto anterior.
- Cambiar o punto que aparece no texto orixinal como 3 para 4.

**16.-** No apartado 7.5.1, propón que se inclúa unha medida máis dentro do apartado 1, que diga: “Fomentar a autoestima, as relacións internas da comunidade educativa e o sentimento de integración e pertenza ao centro con actividades lúdicas nas que participe a comunidade educativa definindo e avaliando o grao de aceptación que estas medidas de participación teñen cara ao alumnado e ás familias”.

Para o apartado 3, propónse que se inclúa despois de: “Criterios”, a seguinte expresión “flexibles”.

Tamén se propón a inclusión dun novo punto: “4. Diminuír as ratio máximas nas distintas etapas educativas e flexibilizar estas en relación á existencia de necesidades educativas específicas”.



**17.-** Na páxina 31, no apartado de responsables, propónse a inclusión dun punto 4 co seguinte texto: “Consellería de Educación e Ordenación Universitaria”.

No apartado de Procedemento, propónse substituír o punto 3 por outro que diga: “Modificación da normativa existente por parte da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Secretaría Xeral de Persoal, que permita a actuación establecida”.

Así mesmo, propónse incluír un punto 4 co mesmo texto que o punto anterior.

**18.-** No apartado 7.5.2, páxina 33, propónse substituír o texto do punto 3 polo seguinte: “Reforzo dos servizos de orientación:

- Xeneralizando os departamentos de orientación a todos os centros completos de educación infantil e primaria, centros de adultos e centros de educación especial; dotándoos cos recursos persoais, técnicos e materiais suficientes.
- Ampliando o número de orientadores/as nos centros de ensino secundario en función do número de alumnos/as e etapas e modalidades educativas que imparta.
- Estendendo a estrutura dos EOE ata chegar a unha implantación comarcal, mellorando a dotación do seu persoal e os seus recursos técnicos e materiais.”.

Para o punto 3 dese mesmo apartado, propónse unha nova redacción: “Ampliación do número de departamentos de orientación e equipos de orientación específicos, segundo o establecido no punto 3 das actuacións”.

**19.-** No apartado 7.5.3, primeiro parágrafo e punto 4, propónse substituír o texto: “... persoa especialista en trastornos de conduta e o traballador/a ou educador/a social”; polo seguinte: “... persoa especialista en trastornos de conduta, o traballador/a e o educador/a social”.

Propónse, así mesmo, incluír un novo punto: “5. Avanzar na implantación comarcal dos equipos de orientación específicos”.

**20.-** Páxina 35, apartado de Responsables; engadir un novo punto co seguinte texto: “5. Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Subdirección Xeral de Persoal”.

No punto 1 do apartado de Procedemento, propónse cambiar “curso 2005/06”, por: “curso 2006/07”.

Nese mesmo apartado propónse un novo punto: “5. Adoptar as medidas oportunas por parte da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e da Subdirección Xeral de Persoal, para acadar a actuación proposta”.

**21.-** Para os punto 2 e 3 do apartado de Actuación, páxina 36, propónse unha nova redacción:



- “2. Asesoramento e supervisión dos Regulamentos de Réxime Interior e dos Plans de Acción Titorial dos centros educativos para a súa optimización”.
- “Orientación e asesoramento para a elaboración dos plans preventivos a aqueles centros que polas súas características particulares corran máis riscos de presentar problemas de convivencia”.

Así mesmo, propónse:

- Incluir un novo punto no apartado de Actuación co seguinte texto: “4. Presenza activa e apoio directo nos casos concretos de vulneración grave da convivencia”.
- Incluir un punto 4 no apartado de Responsables co mesmo texto que o apartado 3.
- Incluir un punto 4 no apartado de Procedementos co mesmo texto que o apartado 3.

**22.-** No apartado 7.7.1, propónse incluir un novo punto no apartado de Actuación. O texto sería: “5. Promover medidas de apoio á formación permanente do profesorado, como a compatibilización da formación dentro do horario lectivo e a ampliación das licencias formativas”. Nese mesmo apartado hai que reenumerar o segundo punto 3 por 4.

No apartado de Responsables propónse a inclusión dun punto 3 co mesmo texto que o apartado 2 e, un novo punto 4 co seguinte texto: Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa”.

No apartado de Procedemento propónse a inclusión dun punto 3 co mesmo texto que o apartado 2 e, un novo punto 4 co seguinte texto: “Regulación das actuacións apuntadas pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa”.

**23.-** Páxina 41, punto 1 do apartado de Actuación; propónse incluír despois de: ”Propiciar”; o seguinte texto: “... a creación dun banco de recursos con...”, o resto sigue igual.

O Secretario,

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

V. e Pr.,  
A Vicepresidenta,

Asdo.: Milagros Blanco Pardo